



# PARA QUE GAÑE CEDEIRA

Teño a honra de volver a representar á Agrupación Socialista de Cedeira neste novo proceso electoral no que aspiramos a conseguir a maioría que nos permita gobernar sen hipotecas nin ataduras. Sentímonos avalados por catro anos espléndidos en resultados.

Traballamos duro, coa ilusión que produce conseguir un pobo de iguais, que aspira a darlle traballo á súa xente. Fixémoslle fronte aos vicios dos que crían que aquí ían mandar sempre e trouxemos empresas que colocamos no parque empresarial da Trabe. En poucos meses estarán andando proxectos punteiros que, sen dúbida, serán o principio dun futuro grande para Cedeira.

Foron moitas as obras realizadas, moitos os servizos prestados polos concelleiros e concelleiras socialistas. Non hai lugar nin barrio onde non realizásemos algunha intervención, grande ou pequena. Non hai solicitude que non atenderamos con interese. Actuamos coa humildade de quen sabe que a razón está de parte da cidadanía.

Nos próximos catro anos xogarémonos boa parte do futuro de Cedeira. Decidiremos se melloramos as expectativas empresariais, se creamos novos postos de traballo, se temos máis infraestruturas turísticas, se profesionalizamos o sector forestal ou se o mar contará co apoio das institucións locais.

Nas túas mans está que os próximos anos sexan para mellorar a atención aos nosos maiores, para coidar con agarimo á infancia, para garantir a realización da xuventude ou para protexer ás familias. Os progresistas somos máis e, se nos poñemos mans á obra, consolidaremos para sempre as formas democráticas de gobernar.

Sen dúbida, a pesar do esforzo, puideron cometerse erros, como acontece en calquera orde da vida. No noso ánimo está aceptalos e rectificar. Pero ninguén pode negar a entrega da representación socialista. O pasado non soporta comparación algunha coa xestión desenvolvida na presente lexislatura.

Eu estou disposto a dedicar, con ilusión e ledicia, outros catro anos da miña vida, porque sei que o empeño paga a pena. Cedeira pode saír fortalecida da crise e eu quero ser un protagonista máis desta empresa. Sei que ti estás na mesma sintonía. Por iso non teño ningunha dúbida. Ímolo conseguir, e ímolo facer xuntos. Nas nosas mans está que Cedeira siga avanzando.

Pídoche que o próximo día 22 de maio, deposites de novo a túa confianza nos socialistas e se no pasado non fomos merecedores da túa estima, con máis énfase che solicito agora o teu voto, coa seguridade de que faremos o imposible por non defraudarte.

**José Luis Vergara Rey**  
Candidato á alcaldía de Cedeira

